

# AXUDAS ÁS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS/AS PARA A REPARACIÓN, A REHABILITACIÓN E/OU A ADAPTACIÓN DOS EDIFICIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO VI420A).

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

### Obxecto

Convocar para o exercicio 2023, axudas ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou a adaptación dos edificios de vivendas que, no momento de presentar a solicitude, teñan máis de dez anos de antigüidade e que non estean descualificados, así como, os edificios de vivendas protexidas promovidos polo IGVS cuxo réxime de protección se extingue nos tres anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación desta convocatoria.

### Destinatarias

As comunidades de propietarios/as dos edificios de vivendas, sempre que non recibisen outra axuda do IGVS para a realización de obras do mesmo concepto nos dez anos inmediatamente anteriores ao desta convocatoria e, ademais, cumpran cos seguintes requisitos:

- a. Que o seu edificio reúna as necesarias condicións de seguridade estrutural. De non ser o caso, a comunidade solicitante deberá acreditar a realización simultánea das obras que garantan que o edificio terá as condicións necesarias de seguridade estrutural.
- b. Que non incorran en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da LSG.
- c. Que sexan seleccionadas conforme a prelación realizada en aplicación do baremo de criterios de valoración previstos nesta resolución e conforme a disposición orzamentaria existente.

### Actuacións subvencionables

Aquelas obras destinadas á reparación, rehabilitación e/ou adaptación dos edificios incluídos no ámbito de aplicación desta orde que comprendan todos ou algúns dos seguintes traballos:

- a. Adecuación das condicións de seguridade: obras que proporcionen ao edificio condicións de seguridade estrutural ou construtiva, de xeito que garantan a súa estabilidade, resistencia e solidez, seguridade contra incendios, así como obras de seguridade fronte a accidentes ou sinistros.
- b. Adecuación das condicións de habitabilidade: obras que proporcionen ao edificio estanqueidade fronte á choiva e á humidade, illamento térmico e acústico, e mellora das instalacións de calefacción.

- c. Adecuación funcional: obras que proporcionen ao edificio mellora dos accesos aos servizos xerais como rede de auga, gas, electricidade, telefonía, saneamento, etc., así como a adecuación destas obras á correspondente normativa.
- d. Adecuación das condicións de accesibilidade: obras de supresión de barreiras arquitectónicas, ascensores, ramplas, ou outros dispositivos de accesibilidade, que incluírán os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial.

As actuacións deberán axustarse á normativa técnica aplicable vixente no momento da súa execución.

Tales actuacións poderán estar iniciadas no momento de solicitar esta subvención, sempre que non comezasen antes do 1 de xaneiro de 2023 e non teñan executado máis dun 60 % do custo total das obras. Non serán seleccionadas as solicitudes que teñan custos pagados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2023 nin aquelas que teñan pagamentos efectuados con anterioridade á data da solicitude por un importe superior ao 60 % do custo da obra.

### **Contía**

A contía nas subvencións será do 60 % do orzamento aprobado na resolución de concesión e ata un máximo de 6.000 euros por vivenda.

### **Modo e prazo de presentación das solicitudes**

Presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Procedemento: **VI420A**

Ata o día **16 de xuño de 2023**.

[Resolución do 18 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou a adaptación dos edificios de vivendas protexidas promovidos por este instituto, e se convocan para o ano 2022.](#) (DOG nº 228 do 26/11/2021)

[Resolución do 2 de marzo de 2023 pola que se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou a adaptación dos edificios de vivendas protexidas promovidos por este instituto.](#) (DOG nº 13/03/2023)